



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

**CELSO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO  
CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,**

**CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER  
XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O  
INFORME AO PROXECTO DE DECRETO SOBRE ARQUIVOS  
XUDICIAIS TERRITORIAIS E DA XUNTA DE EXPURGO XUDICIAL  
DE GALICIA**

**I**

**ANTECEDENTES**

Con data 16 de xaneiro de 2008 tivo entrada no Rexistro do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) o texto do proxecto de decreto sobre arquivos xudiciais territoriais e da Xunta de Expurgo Xudicial de Galicia.

A Comisión de Estudos e Informes, na súa sesión do día 23 de xaneiro de 2008, designou relator o Excmo. Sr. D. Adolfo Prego de Oliver y Tolivar, e na súa reunión de data 6 de febreiro de 2008 aprobou o presente informe, acordando a súa remisión ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.

**II**

**CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA DO  
CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL**

A norma que expresamente atribúe ao Consello Xeral do Poder Xudicial o exercicio da función consultiva é o artigo 108.1 da Lei orgánica do poder xudicial; en concreto, refírese nos apartados c, d, e e á facultade de informar os anteproxectos de lei e as disposicións xerais do Estado e das comunidades autónomas que afecten total ou parcialmente, entre outras



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

materias expresadas no resto do artigo 108.1 desta lei, ao *“estatuto orgánico de xuíces e maxistrados”, “estatuto orgánico dos secretarios e do resto do persoal ao servizo da Administración de Xustiza”, “normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e outras calquera que afecten á constitución, organización, funcionamento e goberno dos xulgados e tribunais”*.

Á luz desta disposición legal, nunha correcta interpretación do alcance e sentido da potestade de informe que nela se recoñece ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o parecer que lle corresponde emitir ao proxecto remitido deberá limitarse ás normas substantivas ou procesuais que nel se inclúen especificamente, así como ás que poidan afectar aos mencionados estatutos orgánicos e evitará calquera consideración sobre cuestións alleas ao poder xudicial ou ao exercicio da función xurisdiccional que ten encomendada.

O Consello Xeral do Poder Xudicial veu delimitando o ámbito da súa potestade de informe partindo da distinción entre un ámbito estrito, que coincide en termos literais co ámbito material definido no citado artigo 108.1.e) da Lei orgánica do poder xudicial, e un ámbito ampliado que deriva da posición do Consello como órgano constitucional de goberno do poder xudicial. Por tanto, dentro do primeiro ámbito, o informe que debe emitirse haberá de se referir, de maneira principal, ás materias previstas no precepto citado e eludirá, con carácter xeral cando menos, a formulación de consideracións relativas ao contido do proxecto en todas as cuestións non incluídas no citado artigo 108 da Lei orgánica do poder xudicial. En canto ao ámbito ampliado, cabe dicir que o Consello Xeral do Poder Xudicial debe expresar o seu parecer tamén sobre os aspectos do proxecto que afecten a dereitos e liberdades fundamentais, en razón da posición prevalente e de eficacia inmediata que gozan por disposición expresa do artigo 53 da Constitución. Neste punto debe partirse especialmente dos pronunciamentos do Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, cuxas resolucións ditadas en todo tipo de procesos constitúen a fonte directa de interpretación dos preceptos e principios constitucionais, vinculando a todos os xuíces e tribunais. Ademais do anterior, de acordo co principio de



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

colaboración entre os órganos constitucionais, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu indicando a oportunidade de efectuar nos seus informes outras consideracións, relativas tanto a cuestións de pura técnica legislativa, ou terminolóxicas, co ánimo de contribuír tanto a mellorar a corrección dos textos normativos como á súa efectiva aplicabilidade e incidencia sobre os procesos xurisdicionais, por canto son os órganos xurisdicionais os que deben aplicar posteriormente na práctica as normas correspondentes.

### III

#### ESTRUTURA E CONTIDO DO PROXECTO

O proxecto de decreto obxecto de informe contén unha parte expositiva seguida de catro artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e tres disposicións finais.

Na **parte expositiva** faise referencia ao marco normativo en que se encadra o decreto:

1º) O art. 458.2 LOPX, que se remite ao desenvolvemento regulamentario das normas reguladoras do arquivo de autos e expedientes que non estivesen pendentes de actuación, así como do expurgo de arquivos xudiciais.

2º) O Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais.

3º) Aquelas disposicións que habilitan a Comunidade Autónoma de Galicia para establecer nela os arquivos xudiciais e o órgano administrativo competente para o procedemento de expurgo da documentación xudicial, a saber, o *Estatuto de Autonomía de Galicia* (art. 20.1), aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; o Real decreto 2166/1994, do 4 de decembro, *sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade*



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

*Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza e o Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que se realiza a asunción e asignación de funcións e servizos transferidos mediante Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (da Xunta de Galicia).*

O artigo primeiro da **parte dispositiva** establece os **arquivos xudiciais territoriais de Galicia**, en número de catro coincidentes con cada unha das provincias que integran a comunidade autónoma, baixo a dependencia do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, coa posibilidade de delegación de competencias. Neste artigo tamén se fixan as sedes dos arquivos xudiciais territoriais e dos depósitos de fondos. Finalmente, confírese aos secretarios xudiciais a ordenación, a custodia e a conservación dos arquivos.

O artigo segundo ten por obxecto a **constitución da Xunta de Expurgo Xudicial de Galicia**, como órgano colexiado de natureza administrativa adscrito á consellería competente en materia de xustiza, que exercerá na comunidade autónoma as competencias previstas no art. 14 do RD 937/2003. En canto á súa composición, prevé a presidencia -a cargo de maxistrado- e de seis vogais: un fiscal, dous representantes da administración da comunidade autónoma, un técnico superior especialista en arquivos designado por ela e dous secretarios xudiciais, actuando como secretario da Xunta un funcionario designado pola Dirección Xeral de Xustiza da Xunta. En canto aos recursos humanos, materiais e técnicos precisos para o seu funcionamento, a achega corresponde á administración autonómica.

No artigo terceiro prevese o nomeamento de **membros suplentes** e a **comunicación das designacións**, entendéndose por tal a comunicación dos sucesivos cambios nos nomeamentos de vogais.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O artigo cuarto, sobre ***réxime xurídico***, determina o dereito supletorio aplicable e o mandato dirixido á xunta de expurgo para a redacción dun regulamento propio de organización e funcionamento.

A disposición adicional única prevé a ***indemnización por asistencias*** a favor dos concorrentes á xunta de expurgo. En canto á disposición adicional única, contempla a elaboración dun ***plan inicial de expurgo*** pola consellería competente en materia de xustiza, en colaboración coa competente en materia de protección do patrimonio documental.

Por último, as disposicións finais primeira, segunda e terceira versan, respectivamente, acerca da autorización ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar disposicións de desenvolvemento e aplicación deste regulamento, a iniciación das actividades da xunta de expurgo na data que se determine polo dito organismo e a entrada en vigor do decreto.

#### IV

### CONSIDERACIÓNS XERAIS

#### 1. HABILITACIÓN NORMATIVA

O decreto proxectado ampárase no que establece o art. 20.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 abril 1981, *de Estatuto de Autonomía de Galicia*, que atribúe á comunidade autónoma o exercicio de «todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao goberno do Estado.»

Como é sabido e declarado reiteradamente por este Consello, o art. 149.1 da Constitución reserva ao Estado a competencia en materia de Administración de Xustiza, competencia que a teor da interpretación polo Tribunal Constitucional inclúe un concepto estrito ou nuclear de exclusiva competencia estatal, referido ao exercicio da función xurisdiccional e ao goberno do poder xudicial, e un concepto máis amplo en que terían cabida os



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

asuntos relativos aos medios materiais e persoais ao servizo da Administración de Xustiza. Estes asuntos constitúen o obxecto das facultades estatutarias por afectar exclusivamente aos aspectos susceptibles de regulación polas comunidades autónomas que resulten das cláusulas subrogatorias previstas nos estatutos de autonomía e que se vinculan ao título competencial sobre medios persoais e materiais postos ao servizo da Administración de Xustiza, pero non estritamente integrados nela (a denominada "administración da Administración de Xustiza"). Trátase, en suma, daquelas materias que ao non entrar no núcleo da Administración de Xustiza en sentido estrito, a Lei orgánica do poder xudicial recoñeza, reserve ou atribúa ao goberno do Estado, sempre que a dita lei non atribuíse determinadas facultades ao Consello Xeral do Poder Xudicial ou, en materias non atribuídas ao goberno da nación ou aos seus departamentos ministeriais, non exista título competencial que determine a súa reserva a favor do Estado, nos termos sinalados polo Tribunal Constitucional (cfr. SSTC 108/1986, 56/1990, 62/1990, 105/2000).

Respecto á Comunidade Autónoma de Galicia, o traspaso de funcións ao seu favor por parte da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza efectuouse mediante Real decreto 2166/1994, do 4 novembro, coa correlativa asunción e asignación de funcións e servizos transferidos por medio do decreto autonómico 394/1994, do 29 de decembro. Debe sinalarse que no anexo do citado Real decreto, onde se relacionan os termos e condicións do traspaso de funcións ao abeiro do acordo alcanzado pola Comisión Mixta de Transferencias, non se fai alusión á materia relativa aos arquivos xudiciais nin ao tratamento dos documentos que os integran, como tampouco nos reais decretos de traspasos complementarios 94/1996, do 26 de xaneiro, 2395/1996 e 2397/1996, ambos do 22 de novembro, 1380/1997, do 29 de agosto, 233/1998, do 16 de febreiro e 372/1999, do 5 de marzo.



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Pola súa parte, o apartado 2 do art. 458 LOPX -modificado pola Lei orgánica 19/2003, do 23 decembro- dispón que «[p]or real decreto estableceranse as normas reguladoras da ordenación e do arquivo de autos e expedientes que non estivesen pendentes de actuación ningunha, así como do expurgo dos arquivos xudiciais». Poucos meses antes desta modificación da LOPX ditárase o Real decreto 937/2003, do 18 xullo, *de modernización dos arquivos xudiciais*, sen que ata a data se cumprira co mandato do reformado art. 458.2 LOPX. Neste real decreto dispónse no art. 14.4 que «[a]s comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza determinarán a sede e a composición da xunta de expurgo, que estará presidida por un maxistrado e integrada, en todo caso, por un membro da carreira fiscal, un secretario xudicial e un técnico superior especialista en arquivos, designado pola administración competente en materia de patrimonio histórico.»

Consecuentemente, a competencia que se atribúe ás comunidades autónomas non deriva dos reais decretos de traspaso, nin do procedemento previsto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de Autonomía de Galicia, como tampouco da aplicación do título IV da Lei 12/1983, do 14 de outubro, *do proceso autonómico*, ou dalgunha outra norma con rango de lei, senón en virtude dun real decreto cun obxecto específico -a modernización dos arquivos xudiciais- ditado con anterioridade á norma habilitante da LOPX.

## 2. REGULAMENTACIÓN DOS ARQUIVOS XUDICIAIS E DAS XUNTAS DE EXPURGO

**2.1.** En primeiro lugar ocupa un lugar destacado o citado **Real decreto 937/2003, do 18 xullo, de modernización dos arquivos xudiciais**. No que interesa para os efectos do presente Informe, expóñense esquematicamente os aspectos orgánicos dos arquivos xudiciais e as Xuntas de Expurgo, por unha parte, e o seu réxime xurídico, por outra.



### 2.1.1. Organización

#### A) Arquivos xudiciais

A eles refírese o capítulo II, onde se distinguen as diferentes clases de arquivos xudiciais tomando como criterio determinante que o documento xudicial corresponda ou non a un proceso ou actuación xudicial que se encontre en tramitación.

a) Para os documentos xudiciais correspondentes a procesos ou actuacións xudiciais que se encontren en tramitación prevense os *Arquivos Xudiciais de Xestión*, existentes nas oficinas xudiciais ou unidades análogas, podendo encomendarse a un servizo común que atenda os arquivos xudiciais de xestión de diferentes salas ou seccións dun ou máis tribunais ou de varios xulgados.

b) Para os restantes documentos xudiciais que non se encontren na anterior situación, contémpanse dúas categorías de arquivos:

#### 1º) *Arquivos xudiciais territoriais*

Para cada comunidade autónoma prevese a creación como mínimo dun arquivo xudicial territorial, dependente do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, quen poderá delegar a competencia no presidente da audiencia provincial ou no xuíz decano do partido xudicial onde radique.

#### 2º) *Arquivo Xudicial Central*

Este Arquivo adscríbese á Sala de Goberno do Tribunal Supremo, circunscibindo o seu ámbito á documentación xudicial do Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e restantes órganos con xurisdición en todo o territorio nacional.





## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A uns e outros arquivos remítense polos arquivos xudiciais de xestión do seu respectivo ámbito os asuntos non pendentes de actuación procesual ningunha, tanto na fase declarativa como de execución, en que transcorreran cinco anos desde a incoación do procedemento ou expediente gubernativo, prazo que poderá ser reducido con carácter excepcional por razóns de espazo dispoñible no arquivo xudicial de xestión.

Cando se trate de procedementos con sentenza firme ou calquera outra resolución que lles poña fin, o prazo é dun ano desde a firmeza da resolución.

Os documentos permanecen nestes arquivos ata que a xunta de expurgo resolva sobre o seu destino.

### B) Xuntas de expurgo

Reguladas no capítulo III do real decreto, concíbense como órganos colexiados de natureza administrativa que teñen por finalidade determinar, por conta do órgano responsable do respectivo arquivo xudicial de xestión, ben a exclusión ou eliminación do patrimonio documental dos expedientes procesuais ou gubernamentais que se executaran definitivamente ou se declarara a caducidade ou a prescrición, unha vez transcorridos os prazos legais; ou ben, en caso contrario, a súa transferencia á administración competente en materia de patrimonio histórico.

En cada comunidade autónoma constituirase unha xunta de expurgo, que exercerá as súas competencias en todo o ámbito territorial de cada unha delas.

En canto á súa composición, distínguese entre as xuntas de expurgo que se adscriban ao Ministerio de Xustiza e as que se constitúan en comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, que determinarán a **sede e a composición da xunta de expurgo**, que estará presidida por un maxistrado e integrada, en todo



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

caso, por un membro da carreira fiscal, un secretario xudicial e un técnico superior especialista en arquivos, designado pola administración competente en materia de patrimonio histórico (art. 14.4).

### 2.1.2. Réxime xurídico

O real decreto parte da necesidade de establecer un marco xurídico uniforme en materia de xestión da documentación xudicial. Así, implántase unha regulación de carácter xeral constituída polas disposicións do propio real decreto e por aquilo que resulte do exercicio das facultades de desenvolvemento e execución que se confiren (disposición final segunda) aos titulares dos ministerios de Xustiza e de Educación, Cultura e Deporte, aos que se autoriza para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido no Real decreto.

En segundo termo e circunscrito ás xuntas de expurgo, o seu réxime xurídico debe axustarse ás normas sobre órganos colexiados contidas na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades previstas no real decreto (art. 14.5). Así, no articulado (arts. 17 e ss.) régulanse o réxime de funcionamento, as sesións ordinarias e extraordinarias, as convocatorias, a orde do día, o informe vinculante elaborado pola administración competente en materia de patrimonio histórico, as indemnizacións por asistencia, os acordos, as actas e certificacións, a transferencia de documentos xudiciais á administración competente en materia de patrimonio histórico e os procedementos para o alleamento ou a destrución de documentos (art. 21 e 22)

## 2.2. Outras disposicións

2.2.1. Orde XUS/1926/2006, do 15 de xuño, *pola que se aproban as normas e os modelos de relacións documentais que regulan a remisión de documentación xurídica aos diferentes arquivos xudiciais nas comunidades autónomas sen traspasos recibidos do Ministerio de Xustiza.*



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Ditada para ser de aplicación naquelas comunidades autónomas ás que non se transferirán as funcións da Administración do Estado en materia de provisión de medios persoais, materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, ten por obxecto -como adianta o título da disposición- tanto as normas reguladoras das remisións documentais periódicas aos correspondentes arquivos xudiciais territoriais ou ao Arquivo Xudicial Central dos documentos que se achen nos arquivos xudiciais de xestión, como a aprobación dos modelos comprensivos da relación de procedementos ou actuacións xudiciais que integran as devanditas remisións.

2.2.2. En canto ás restantes comunidades autónomas, ditáronse as seguintes normas:

1ª) Orde do 1 de setembro de 2004 *polo que se constitúe a Xunta de Expurgo da Comunidade Autónoma de Andalucía, en aplicación do disposto polo Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais.*

Mediante esta norma ditada en exacto cumprimento do art. 14.4 do RD 937/2003 constitúese a xunta de expurgo da comunidade autónoma, establecendo a súa sede e composición e remitíndose no relativo ao seu réxime de funcionamento ao establecido no Real decreto 937/2003.

2ª) Decreto 61/2006, do 12 de maio, do Consell, *polo que se aproba o Regulamento de funcionamento da xunta de expurgo de documentos xudiciais e se crea o Fondo Histórico Xudicial da Comunitat valenciana.*

Este decreto, ademais de regular o que lle é propio a teor do art. 14.4 do RD 937/2003 (determinación da sede e composición da xunta de expurgo), esténdese amplamente a outras materias como a creación do Fondo Histórico Xudicial da Comunidade valenciana, a eliminación de documentos e a súa conservación en soporte diferente ao orixinal, a retribución e duración do



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

mandato dos membros da xunta de expurgo, as súas funcións e regras de funcionamento, o expurgo da documentación, así como a previsión de ulterior desenvolvemento regulamentario mediante normas autonómicas.

## V

### ANÁLISE DO ARTICULADO

Da regulación do proxecto de decreto centran a atención do presente Informe as seguintes cuestións comprendidas no ámbito de materias que a LOPX somete á consideración deste Consello:

#### 1. ASPECTOS ORGÁNICOS

##### 1.1. Arquivos xudiciais territoriais de Galicia

O art. 1 crea a rede de arquivos xudiciais territoriais de Galicia, integrada por catro arquivos de ámbito provincial, coa posibilidade de constituír depósitos de fondos en distintas cidades das provincias da Coruña e Pontevedra.

En concordancia co art. 8.1 do real decreto, estes arquivos xudiciais territoriais dependen do presidente do tribunal superior de xustiza, quen poderá delegar a competencia no presidente da audiencia provincial ou no xuíz decano do partido xudicial onde radiquen e corresponderá aos secretarios xudiciais previstos no art. 9 do real decreto a ordenación, a custodia e a conservación dos arquivos.

##### 1.2. Xunta de Expurgo Xudicial de Galicia

O art. 2 do proxecto, tras concibir a Xunta de Expurgo Xudicial de Galicia como «órgano colexiado de natureza administrativa adscrito á consellería competente en materia de xustiza», determina a súa composición do seguinte modo:



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

1º) Presidencia, a cargo dun maxistrado designado polo presidente do tribunal superior de xustiza, con voto dirimente en caso de empate.

2º) Seis vocalías, distribuídas entre un fiscal, dous representantes da consellería competente en materia de xustiza, un técnico superior especialista en arquivos designado pola consellería competente en materia de protección do patrimonio documental e dous secretarios xudiciais designados polo órgano competente do Ministerio de Xustiza ou do corpo de secretarios xudiciais.

3º) Un secretario con voz pero sen voto, designado pola Dirección Xeral de Xustiza.

Esta conformación atense ao previsto no citado art. 14.4 do RD 937/2003, que faculta as comunidades que teñan transferidas as competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza para determinar a composición da xunta de expurgo, que estará presidida por un maxistrado e integrada, en todo caso, por un membro da carreira fiscal, un secretario xudicial e un técnico superior especialista en arquivos, designado pola administración competente en materia de patrimonio histórico.

Non obstante, en relación coa integración en órganos de natureza estritamente administrativa -como o que aquí se trata- de membros da carreira xudicial, este Consello vén sostendo o seguinte:

a) Existe o imperativo xurídico de que a intervención dos que desempeñan cargos xudiciais se limite estritamente ás funcións de vulgar e facer executar o xulgado (art. 117.3 CE), non exercendo outras funcións salvo aquelas que expresamente lles sexan atribuídas pola lei en garantía de calquera dereito (art. 117.4 CE) -e concordante art. 2.2 LOPX-, ordenando expresamente o art. 127 CE que «[o]s xuíces e maxistrados, así como os fiscais mentres se achen en activo, non poderán desempeñar outros cargos



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

públicos», en liña coas esixencias do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e coas resolucións do Consello de Europa e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, en canto á imparcialidade estrutural e a separación e exclusividade das funcións xurisdicionais. Así mesmo, o estatuto xurídico dos xuíces e maxistrados de carreira inscríbese no ámbito reservado á LOPX (art. 122.1 CE).

Este fundamento xustifica que se veña informando desfavorablemente a participación de xuíces e maxistrados en comisións e organismos non xurisdicionais e recomendando que, en todo caso, esa participación se reduza ao imprescindible e se oriente cara aos membros dos órganos de goberno do poder xudicial, con preferencia daqueles membros que non exerzan funcións xurisdicionais ou ben que as desempeñen en funcións non relacionadas coas competencias que se atribúen ao órgano administrativo.

b) Cando se prevé a participación de xuíces e maxistrados é requisito ineludible a aprobación da designación por parte do CXPX para a eficacia do nomeamento, a quen corresponderá decidir en materia de incompatibilidades, sobre todo tendo presente que o cargo determina a integración nun órgano colexiado adscrito a unha consellería autonómica.

c) Tamén deben facerse observacións á facultade de nomeamento do maxistrado que se outorga ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Esta facultade non aparece no citado apartado 4 do art. 14 do RD 937/2003 -apartado dedicado a aquelas comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza-, pero si en cambio no precedente apartado 3, onde se establece a composición das xuntas de expurgo adscritas ao Ministerio de Xustiza -restantes comunidades autónomas-, que «estarán presididas por un maxistrado designado polo presidente do tribunal superior de xustiza».

Pois ben, este tipo de designación destinada á constitución dun órgano administrativo que se confire ao presidente do tribunal superior de xustiza –



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

aínda que o fose á súa sala de goberno- carece de cobertura tanto na LOPX (cfr. arts. 152 e 160), que no seu art. 104.2 dispón que «as salas de goberno (...) dos tribunais superiores de xustiza exercerán as funcións que esta lei lles atribúe, sen prexuízo das que correspondan aos presidentes dos ditos tribunais e aos titulares dos restantes órganos xurisdicionais», como nas relacións de competencias e funcións ampliadas previstas nos arts. 4 e 54 do Regulamento 1/2000, *dos órganos de goberno de tribunais*, aprobado por Acordo do CXPX do 26 xullo de 2000, en exercicio da potestade regulamentaria que lle confire o art. 110.2, letra l) da LOPX («[f]uncionamento e facultades das salas de goberno, das xuntas de xuíces e demais órganos gobernamentais»). Por tanto, a atribución de potestades ás presidencias dos tribunais superiores de xustiza excede das competencias de regulación regulamentaria que corresponden ao goberno da nación e aos órganos executivos das comunidades autónomas.

Como posible solución suxírese que a presidencia da xunta de expurgo se atribúa ao presidente da sala de goberno do tribunal superior de xustiza, quen á súa vez podería delegar en maxistrados que non exerzan funcións xurisdicionais, como puideran ser os xuíces decanos en determinados partidos xudiciais.

## 2. RÉXIME XURÍDICO DA XUNTA DE EXPURGO XUDICIAL DE GALICIA

No art. 4 (*réxime xurídico*) e na disposición final primeira establécese o seguinte esquema de fontes:

1º) Normas de primeiro grao constituídas, en primeiro lugar, polo propio decreto e o RD 937/2003 (art. 4.1); en segundo termo, polo regulamento de organización e funcionamento que elabore e aprobe a xunta de expurgo (art. 4.2) e, finalmente, polas disposicións de desenvolvemento e aplicación do decreto que dite o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (disposición final primeira).



2º) Dereito supletorio, o art. 4.1 remítese ao réxime xurídico previsto para os órganos colexiados na lei 30/1992.

Unha diferenza fundamental entre este réxime xurídico e o previsto no RD 937/2003 consiste en que neste último as facultades de desenvolvemento e execución son conferidas aos titulares dos ministerios de Xustiza e de Educación, Cultura e Deporte, aos que se autoriza para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto (disposición final segunda) que, como se dixo, dedica varios preceptos á actividade das xuntas de expurgo no marco das normas sobre órganos colexiados contidas na lei 30/1992. Agora ben, o propio RD 937/2003, na súa disposición final primeira, relativa ao *fundamento constitucional* das súas disposicións, establece que os arts. 14.5 (*réxime xurídico das xuntas de expurgo*), 17 (*réxime de funcionamento*), 18 (*acordos*), 19 (*actas e certificacións*), 21 e 22.1 e 2 (*alleamento e destrución de documentos expurgados*), entre outros, se ditan ao abeiro do art. 149.1.18ª da Constitución, é dicir, recoñécese a competencia exclusiva do Estado en materia de procedemento administrativo común, «*sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas*».

O anterior pode ter difícil acomodo co previsto no art. 458.2 LOPX, na súa redacción ao abeiro da LO 19/2003, do 23 decembro -posterior, como se apuntou, ao RD 937/2003, do 18 de xullo-, onde se dispón que se establezan mediante real decreto as normas reguladoras da ordenación e do arquivo de autos e expedientes que non estivesen pendentes de actuación ningunha, así como do expurgo dos arquivos xudiciais, real decreto que á súa vez no art. 14.4 atribúe en principio ás comunidades autónomas que teñan transferidas as competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, a determinación da sede e composición da xunta de expurgo.





### 3. PLAN INICIAL DE EXPURGO

Finalmente, fórmulanse unha serie de consideracións ao *Plan inicial de expurgo* previsto na disposición transitoria única do proxecto.

Este plan elaborárase polas consellerías competentes en materia de xustiza, en colaboración coa competente en materia de protección do patrimonio documental, «de cara á catalogación de series e ao inventariado de fondos existentes nos arquivos dos órganos xurisdicionais», que se someterá ao informe da sala de goberno do tribunal superior de xustiza e á audiencia do secretario de goberno do devandito tribunal.

O plan comezará cos arquivos do tribunal superior de xustiza e as audiencias provinciais e, nunha segunda fase, estenderase aos arquivos dos xulgados.

As tarefas que comprende son as seguintes:

1ª) «Estudo da documentación almacenada de cara a formular propostas de transferencias ao arquivo histórico, transferencia ao arquivo territorial ou pase ao proceso de expurgo».

2ª) «Captura de datos nunha aplicación informática de xestión dos arquivos territoriais e da xunta de expurgo».

3ª) «Preparación e etiquetaxe dos fondos».

Debe observarse, en primeiro lugar, que a expresión "documentación almacenada" en referencia a aquilo que debe ser obxecto de estudo debería facerse máis precisa a fin de contemplar a diferenza substancial que existe, en función do carácter provisional ou definitivo da resolución de arquivo, entre os procesos e procedementos xudiciais que poden encontrarse depositados nos arquivos dos órganos xurisdicionais.

E en terceiro lugar, ao afectar este Plan inicial de expurgo ao conxunto



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

orgánico de documentos xudiciais que integran os arquivos xudiciais, deberán terse en conta as seguintes singularidades:

a) As formas de acceso aos documentos e arquivos xudiciais están expresamente reguladas nos arts. 234 e 235 LOPX, 140 e 141 da Lei de axuízamento civil, no capítulo I del título I do Regulamento 1/2005, *dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais* e o art. 7 do propio real decreto, que contempla importantes limitacións de acceso para os supostos que recolle nos apartados 2 e 3 en relación, respectivamente, cos arts. 11.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, *de protección de datos de carácter persoal*, e 57.1.c) da Lei 16/1985, do 25 de xuño, *do patrimonio histórico español*.

b) Aínda que se trate de *propostas de transferencias* da devandita "documentación almacenada" desde os arquivos xudiciais de xestión, localizados nas oficinas xudiciais, aos arquivos territoriais ou á remisión de relacións de procedementos susceptibles de expurgo, isto dependerá da aplicación de criterios normativos que atenden ao estado procesual das actuacións e ao tempo transcorrido desde a incoación ou a finalización, segundo os casos, o que corresponde ao secretario xudicial responsable do arquivo (arts. 5, 6 e 15 do real decreto, en relación co art. 458.1 LOPX).

c) O tratamento informático dos datos debe efectuarse mediante programas e aplicacións informáticas «aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial a proposta do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, e deberán cumprir os requisitos esixidos na lexislación vixente» (art. 3.2 RD 937/2003, en relación co art. 230.5 da LOPX e co título VI do regulamento 1/2005).

d) Por último, existe un réxime específico relativo á captación de datos obtidos da documentación xudicial recollido no art. 230.5 da LOPX e no título V do citado regulamento 1/2005, orientados a asegurar no ámbito xudicial o cumprimento das garantías e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, *de protección de datos de carácter persoal*.



## VI CONCLUSIÓNS

Das cuestións máis relevantes analizadas no presente Informe poden extraerse as seguintes conclusións:

1ª) Na selección dos maxistrados que deben presidir a Xunta de Expurgo Xudicial de Galicia debería optarse por aqueles que non exerzan funcións xurisdicionais ou que, en todo caso, non as desempeñen en funcións relacionadas coas competencias que se atribúen ao órgano administrativo.

2ª) En sintonía co anterior e ante o réxime competencial dos órganos de goberno do poder xudicial, apúntase como posible solución que a presidencia da xunta de expurgo se atribúa ao presidente da sala de goberno do tribunal superior de xustiza, con potestade delegatoria a favor de maxistrados que non exerzan funcións xurisdicionais.

3ª) Advírtese a dificultade de harmonizar as diferentes e respectivas competencias que en materia de desenvolvemento regulamentario atribúen o Real decreto 937/2003 e o decreto proxectado.

4ª) Na confección e na execución do Plan inicial de expurgo deberán considerarse as singularidades da documentación xudicial no relativo ao acceso aos arquivos xudiciais, ao uso de programas e aplicacións informáticas aprobados por este Consello e ao réxime específico de captación de datos obtidos da documentación xudicial.

É todo canto ten que manifestar o Consello Xeral do Poder Xudicial.

**E para que conste e produza efectos, estendo e asino a presente certificación en Madrid o 13 de febreiro do ano 2008.**